

# SACAPENAS



Anthony Browne



kaladraka

Nome: ..... Data: .....

## SACAPENAS

Bieito sempre estaba preocupado.

Preocupábase por moitas cousas: polos zapatos, polos sombreiros, pola chuvia, polas nubes, polos paxaros xigantes, ...

Os seus pais trataban de axudalo e dicíanlle que non se preocupara, que eles non ían deixar que nunca lle fixeran dano. Pero Bieito seguía preocupado. O que máis lle preocupaba era durmir noutra casa.

Este é o meu Sacapenas:

Un día quedou na casa da avoa e estaba tan preocupado que non podía durmir. Ergueuse e foillo contar á avoa.

A avoíña díxolle que cando ela era pequena lle pasaba o mesmo e regaloulle uns bonequiños. Explicoulle que eran Sacapenas.

- Cántalle as túas penas cada noite, colócaos baixo a almofada e eles preocuparanse por ti. Así poderás durmir tranquilo.

Bieito fixo o que lle dixera a avoíña e durmiu de marabilla, unha noite, outra e outra, ata que caeu na conta de que non era xusto que os Sacapenas cargaran coas súas preocupacións. Decidiu facerlles uns Sacapenas para os seus Sacapenas, e funcionou. Desde entón Bieito xa non está preocupado, e os seus amigos Sacapenas tampouco, porque volveu facer Sacapenas para todos.

Anthony Browne

Quen é o protagonista do conto? .....

Como funcionan os Sacapenas? .....

Tés algunha preocupación? Escribe unha para contarlla ao teu Sacapenas:

.....

Busca no texto:

Dous substantivos propios: .....

Dous substantivos comúns: .....

Dous substantivos femininos:.....

Dous substantivos masculinos: .....

Tres adxectivos: .....

Tres palabras en singular: .....

Tres palabras en plural: .....

Dous diminutivos: .....

Dúas palabras con **m** antes de **p**:.....

Tres palabras con **v**: .....

Tres palabras con **b**: .....

Dúas palabras con **que**: .....

Dúas palabras con **qui**: .....

Escribe oracións sobre o conto:

Enunciativa afirmativa: .....

Enunciativa negativa: .....

Interrogativa: .....

Exclamativa: .....

Pon os antónimos das seguintes palabras do conto:

Sempre - .....

Xigante - .....

Erguerse - .....

Pequena - .....

Noite - .....

Tranquilo - .....

Facer - .....

Xusto - .....